



CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A ASOCIACIÓN OLIVARNOIA PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO PARA A CREACIÓN DUN ESPAZO DIVULGATIVO SOBRE O ACEITE E AS OLVEIRAS EN ARNOIA, DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DOS PRODUTOS AGROALIMENTARIOS DA COMARCA".

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, José Antonio Torres Martínez, en calidade de presidente da Asociación OlivArnoia, con CIF G42725127, en virtude do seu nomeamento na acta da asemblea xeral da asociación celebrada o 22 de xuño de 2025.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que ambas entidades son conscientes da necesidade de favorecer as condicións do entorno rural para a mellora da calidade de vida da poboación. Poder contar cunha adecuada oferta no ámbito do ocio, do deporte, da cultura, e/ou nos sectores produtivos, así como cunha boa gama de servizos básicos é fundamental para acadar unha mellora das condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia.





Todo isto, dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas e de mellorar a estrutura do territorio para poder fixar a poboación do rural galego.

Segundo.- Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

Entre as súas funcións está promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a contorna natural, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesionar a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

A Axencia no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022





do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros ás Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). As regras deste acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

Terceiro.- A asociación OlivArnoia constitúese no 2020 como unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación aplicable co obxectivo de revalorizar as raíces rurais e promover a plantación de oliveiras.

A asociación, inscrita por resolución do 10 de decembro de 2020 na sección 1ª co número 2020/24443-1 no rexistro provincial de asociación de Ourense, ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Son fins principais da asociación: promover e fomentar a plantación de oliveiras en Arnoia; mellorar a calidade alimentaria da veciñanza coa produción de aceite propio; apostar polo rural e cambiar terreos abandonados por plantacións de oliveiras e promover o autoconsumo dese aceite; animar a mozos e mozas a non abandonar os terreos e darlles unha segunda oportunidade debido ao microclima da zona e estimular o autoconsumo e consumo sostible.

A Asociación ten como unha das súas finalidades a transformación dos espazos rurais, converter terreos abandonados en produtivas plantacións de oliveiras, fomentando así o concepto de autoconsumo. Esta iniciativa non só revitaliza a paisaxe rural, senón que tamén crea un modelo sostible para o cultivo e consumo de aceite de oliva, beneficiando a toda a comunidade.

Outro dos seus piares é o compromiso co fomento do espírito emprendedor e a conexión coa terra, alentando aos mozos da zona para descubrir o potencial dos seus terreos, aproveitando o favorable microclima da nosa rexión para a produción de olivas e alta calidade.

Cuarto.- De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación dada a necesidade de atender áreas específicas como a "promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca".





O 18 de xuño de 2025 a Asociación OlivArnoia presentou unha solicitude de colaboración, xunto cunha memoria técnica valorada, para o financiamento dun proxecto senlleiro dentro da categoría "promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca".

Coa realización de este proxecto a asociación busca a conservación e posta en valor das variedades de oliveira tradicionais da zona, así como a promoción da produción de aceite local a través dun espazo dedicado á formación, divulgación e demostración práctica.

A adecuación do espazo exterior permitirá ofrecer unha experiencia educativa e turística enriquecedora, promovendo a posta en valor do aceite producido na zona. Ademais, a formación e divulgación reforzarán o coñecemento sobre a tradición olivícola e a importancia da conservación das variedades autóctonas.

Con este proxecto, promocionarase a comarca de Arnoia como un referente no sector olivícola e preservación do seu patrimonio agrícola e cultural.

As actuacións de reforma da edificación son as que se definen na cláusula segunda do texto deste convenio de maneira que sexan o mais respectuosas posibles coa edificación existente e co entorno rural no que se atopa. Dotarase a almazara dun carácter educativo e turístico cun espazo exterior específico para a recepción de visitantes e a realización de actividades divulgativas que permitirán converter o exterior da almazara nun espazo de referencia para o turismo e a divulgación, reforzando a identidade da zona e proporcionando un ambiente atractivo tanto para produtores como para visitantes.

Este proxecto é único e singular polo entorno e a finalidade das mesmas:

- Crearase de espazo divulgativo sobre o aceite e as oliveiras en Arnoia.
- Apertura ao público como sala de demostración e tutorización, onde se impartirán actividades de divulgación e formación sobre o cultivo da oliveira e a elaboración do aceite.
- Recuperarase e poñerase en valor a tradición olivícola en Arnoia, contribuíndo á conservación das variedades autóctonas de oliveira, a través non só da difusión do proxecto actual, senón da mellora da capacidade produtiva da almazara existente, mellorando a experiencia vivida por o agricultor non profesional.
- Favorecerase o coñecemento sobre o cultivo da oliveira e a súa transformación, fomentando a sustentabilidade e a dinamización do territorio.
- Potenciarase o turismo gastronómico e cultural en torno ao aceite de oliva, contribuíndo á promoción dos produtos locais e á diversificación da economía.
- Ofrecerase un recurso educativo para centros escolares, asociacións e visitantes, promovendo a aprendizaxe sobre a olivicultura e os seus beneficios ambientais e económicos.

En consecuencia, o citado proxecto ten cabida no Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xa que, conforme ao citado Acordo do 20 de





abril de 2022 do seu Consello de Dirección, contribúe a cohesionar a vida social no medio rural e a estimular o arraigamento da poboación sobre o territorio no que habita nel mediante a consecución dos seguintes obxectivos:

- Preservación dos valores sociais e culturais do medio rural.
- Dinamización da vida socioeconómica e cultural da zona.
- Mellora da relación social dos veciños.
- Revalorización das infraestruturas
- Xeración de riqueza e emprego
- Satisfacción de necesidades e aspiracións da veciñanza.
- Fortalecemento do orgullo e satisfacción de pertenza á comunidade rural beneficiaria do proxecto.

Por outra parte, as actuacións propostas cumpren os requisitos a) e b) previstos para a categoría E) da regra 3 do acordo do 20 de abril de 2022:

E) Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca.

Os proxectos senlleiros deste tipo deben reunir algunha das seguintes características:

- a. Facilitar a transformación ou comercialización de produtos agroalimentarios característicos dun ámbito territorial rural, en especial os amparados por denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas.
- b. Potenciar a produción, a transformación e a comercialización dos produtos naturais, salvo a produción dos produtos do Anexo I do Tratado da UE, que identifican unha zona ou comarca e forman parte do seu tecido produtivo.

Ademais, o citado Acordo do 20 de abril de 2022 (modificado polo Acordo de 7 de novembro de 2022) sinala como posibles entidades beneficiarias das axudas para os proxectos senlleiros as seguintes entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen actividades en beneficio da poboación do rural galego:

- Entidades de participación cidadá: asociacións, confederacións, federacións ou unións de asociacións que se atopen inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por último, o Acordo do 20 de abril de 2022 tamén sinala que o ámbito territorial de execución dos proxectos senlleiros será o todo territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás:

- a. Nas provincias da Coruña e de Pontevedra, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 6.000 habitantes.
- b. Nas provincias de Lugo e de Ourense, as entidades singulares de poboación (unidades de poboación) que superen os 10.000 habitantes.





- c. Os termos municipais dos concellos de Vigo e da Coruña, tendo en conta que todo o territorio de ditos concellos ten un alto grao de influencia urbana, derivada da presenza das dúas cidades galegas máis grandes.
- d. Os parques empresariais situados no territorio dos concellos de Ourense, Santiago de Compostela, Lugo, Ferrol e Pontevedra.

Polo exposto, o proxecto presentado pola Asociación OlivArnoia para a creación dun espazo divulgativo sobre o aceite e as oliveiras en Arnoia dentro da categoría "Promoción e posta en valor dos produtos agroalimentarios da comarca", cumpre cos criterios obxectivos e subxectivos necesarios que xustifican o financiamento desta actuación a través dunha subvención directa e motivan a súa formalización a través deste convenio.

Quinto.- O artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Como se pode deducir do manifestado nos apartados anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese público, social e económico para o desenvolvemento rural, a través da categoría de proxecto senlleiro en que se encadra, conforme ao Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (modificado polo Acordo de 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ao desenvolvemento rural levadas a cabo pola Axencia.

En concreto, en relación ao proxecto de que se trata, as razóns que xustifican o interese social e público que dificultan a promoción da concorrencia pública e a seguinte: a singularidade do proxecto presentado pola comunidade para a creación dun espazo servirá para sesións demostrativas sobre a extracción do aceite, con información que irá dende a recolección ata o procesado onde se realizarán actividades formativas e talleres dirixidos a produtores fomentando a colaboración con institutos locais e promovendo a visita de estudantes e persoas interesadas na olivicultura. Así mesmo promoveranse xornadas e eventos divulgativos, orientados á difusión da cultura do aceite e á promoción dos produtos locais; fomentárase a colaboración con entidades e expertos do sector para enriquecer a programación e garantir a calidade das actividades; desenvolveranse programas específicos para público infantil e xuvenil, incentivando o coñecemento da olivicultura dende idades temperás e incorporáranse novas tecnoloxías, como realidade aumentada ou visitas virtuais, para mellorar a experiencia divulgativa e atraer un público máis amplo.





Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través dun convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

En consecuencia, as partes, asinan este convenio para a concesión dunha subvención directa, de acordo coas seguinte

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é a modernización da almazara e a creación dun espazo divulgativo sobre o aceite e os oliveirais en Arnoia. Mediante a adquisición de nova maquinaria e a adecuación das instalacións, buscarase mellorar a capacidade de extracción, garantindo un servizo eficiente para os produtores locais.

SEGUNDA.- Actuacións a realizar

As actuacións a realizar son as que se relacionan na memoria presentada pola asociación OlivArnoia e teñen como finalidade a creación dun espazo divulgativo sobre o aceite e as oliveiras en Arnoia.

En concreto, as actuacións a realizar son en síntese:

- Adquisición de novas maquinarias: a situación actual da almazara pon de manifesto a urxente necesidade de adquirir nova maquinaria que permita aumentar a capacidade de procesado e optimizar os tempos de extracción do aceite. A maquinaria actual presenta limitacións tanto en rendemento como en eficiencia, o que provoca demoras na extracción e dificulta atender a demanda dos agricultores da zona. Durante a tempada de colleita, a baixa capacidade das máquinas obriga a establecer longos períodos de espera, afectando á calidade do aceite e prexudicando aos produtores que precisan un servizo áxil e eficaz. Para solucionar estas deficiencias, resulta imprescindible a adquisición de nova maquinaria moderna e de maior capacidade, que permita procesar un maior volume de olivas nun tempo máis reducido. Os equipos propostos para a súa adquisición son:
 - Batedora horizontal trifásica calafateada de 300 kg de capacidade: A batedora horizontal trifásica calafateada de 300 kg de capacidade é unha máquina que remexe a pasta de oliva para facilitar a extracción do aceite.





Dispón dun sistema de calefacción que mantén unha temperatura controlada, garantindo a calidade do produto. O seu funcionamento trifásico mellora a eficiencia enerxética e a estabilidade do proceso. Ademais, adaptarase o parafuso sen fin existente para asegurar unha integración óptima co novo equipo.

- Maquinaria para á extracción continua do aceite de oliva en sistema de 2 fases. Decantador de 1.000 kg/h e tolván de recollida de aceite, fabricado en aceiro inoxidable. Deberá dispoñer de saída de sólidos e variador de frecuencia.

Apóstase por un capaz de procesar ata 1.000 kg/h. Ademais, o seu deseño e dúas fases proporciona unha alta capacidade de extracción de aceite (esgotamento). Este rendemento e eficiencia baséanse nun novo desenvolvemento específico para a extracción en dúas fases, logrado grazas ás seguintes características:

- ✓ Punto de alimentación situado preto da saída do aceite, o que permite un maior percorrido do produto e supón unha vantaxe respecto aos deseños adaptados de tres fases.
- ✓ Novo deseño do sinfín, coa alimentación próxima á saída do aceite, permitindo que o oruxo percorra case toda a lonxitude do rotor (1.260 mm), favorecendo unha extracción máis eficiente.
- ✓ Potencia de extracción, grazas a unha caixa redutora directa epicicloidial de 1,5 KNm e un diámetro de 280 mm, que xera unha alta forza centrífuga e alcanza unha velocidade de 4.400 rpm. A velocidade diferencial, axustada mediante polea e correa, é de 40 rpm, podendo modificarse segundo as necesidades do proceso.
- ✓ Aceite extraído moi limpo, debido a un axuste óptimo da cota de saída, o que simplifica o proceso posterior de purificación. Ademais, non é necesario axustar os niveis de saída do aceite para optimizar o rendemento do equipo, garantindo unha alta dispoñibilidade sen interrupcións.
- ✓ Caixa redutora epicicloidial de gran potencia – 1.500 Nm, que garante un par máximo para a extracción.
- ✓ Facilitade de acceso, grazas a unha tapa de aceiro inoxidable con bisagras, e unha mecánica altamente fiable, que reduce os custos de mantemento derivados de posibles avarías mecánicas.
- ✓ Instalación de cadro eléctrico para máquina cambio liña trifásica 10 mm.

Conexión eléctrica das novas máquinas: instalación do cadro eléctrico para a máquina, incluíndo o cambio de liña trifásica de 10 mm², garantindo unha alimentación estable e segura.

Ademais, realizarase a conexión eléctrica das novas máquinas, adaptando a infraestrutura para soportar os novos equipos e optimizar o seu funcionamento.





- Humanización da contorna: Adaptación das instalacións existentes para permitir a recepción de visitas, e conversión do centro en espazo de divulgación. Para elo propónse a humanización e mellora da contorna exterior, habilitando unha zona que favoreza a estadía e o disfrute dos visitantes.

Dotación do espazo con material expositivo e didáctico, que inclúa paneis informativos, así como, de ser o caso materiais audiovisuais sobre o proceso produtivo.

A humanización do entorno da almazara existente consiste fundamentalmente en habilitar o bancal existente para espazo de recepción de visitantes.

O bancal situado na entrada da almazara será obxecto dunha intervención para mellorar o uso e estética do espazo, creando un novo espazo para visitantes e traballadores. As actuacións previstas inclúen:

- ✓ Nivelación e acondicionamento do terreo, reducindo lixeiramente o desnivel e eliminando elementos que dificulten o tránsito, con respecto o propio bancal, e mellorando acceso o mesmo con respecto o camiño de entrada, creando unha rampla de acceso en pedra paralela a propia construción.
- ✓ Colocación de pavimento adecuado e antiesvarante, que facilite o acceso tanto a pé como para persoas con mobilidade reducida.
- ✓ Instalación de pérgola de madeira e cuberta de tella mixta, como continuación a construción existente, a fin de embelecer e protexer a contorna.
- ✓ Realización de galería vidrada perimetral deslizante servirá como peche perimetral para a zona de visitas, proporcionando protección fronte ás inclemencias meteorolóxicas sen perder luminosidade nin visibilidade.

Esta estrutura contará cun sistema de paneis de vidro móbiles, que correrán a través de perfís de aluminio con carrís de alta resistencia, que permitirán a súa apertura lateral retráctil, recolléndose cara a un dos lados para transformar o espazo nunha área aberta durante os meses estivais.

A galería estará integrada baixo a pérgola de madeira, mantendo unha estética harmoniosa co entorno e garantindo un ambiente confortable para os visitantes en calquera época do ano.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo beneficiario que estean encadrados nos conceptos que se detallan no Anexo I "Orzamento xeral" e cumpran as condicións que se detallan na memoria presentada.





TERCEIRA.- Obrigas da Asociación OlivArnoia

A Asociación OlivArnoia comprométese a facer constar en toda a publicidade -tanto impresa como audiovisual- a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Xunta de Galicia para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da propia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/1997, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A asociación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Para proceder á sinatura do convenio e despois para o seu pagamento á Asociación OlivArnoia deberá presentar as certificacións ou a declaración responsable, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da comunidade autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Axencia para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

A Asociación OlivArnoia comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos, polo menos durante un período mínimo de 5 anos sempre e cando se trate de bens inventariables. A Axencia poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.





CUARTA.- Financiamento

O gasto total das actuacións do proxecto "creación dun espazo divulgativo sobre o aceite e as oliveiras en Arnoia " a desenvolver polo beneficiario no marco do presente convenio, de acordo co orzamento previsto no Anexo I deste convenio, ascende a setenta e nove mil novecentos noventa e oito euros con noventa céntimos. (79.998,90 €).

A achega da Axencia realizarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do beneficiario dos requisitos legais para ser beneficiario.

Aplicación orzamentaria 15.A1.712A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2025	79.998,90 €
	79.998,90 €	

Os importes da subvención serán aboados trala presentación da documentación xustificativa da realización das actuacións financiadas (presentada no prazo e coas condicións indicadas na cláusula correspondente do presente convenio) e da emisión do correspondente informe técnico favorable por parte da Axencia, que poderá recorrer, se o considera necesario, a o apoio de expertos externos.

Nos importes indicados entenderase incluído o IVE, sempre e cando este supoña un custo real soportado polo beneficiario, podendo ser considerado gasto subvencionable. Neste caso deberá presentarse un certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE.

A achega conveniada trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo do 50% da cantidade total subvencionada. Este anticipo non poderá superar o importe previsto para cada anualidade. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.





O pagamento restante realizarase no momento da completa xustificación pola Asociación OlivArnoia do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

A Asociación OlivArnoia tamén poderá solicitar pagos á conta, conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da cantidade subvencionada, ou sexa, 63.999,12 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros, as administracións públicas.

No caso de que a Asociación OlivArnoia solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- Xustificación dos gastos

A beneficiaria xustificará ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a realización das actuacións previstas no proxecto que inclúe a memoria técnica valorada que ascende a setenta e nove mil novecentos noventa e oito euros con noventa céntimos. (79.998,90 €).

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 1 de xaneiro de 2025.

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente.





A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos nesta cláusula comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A conta xustificativa da subvención presentarase electronicamente por medio do procedemento xenérico <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A> e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola asociación, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:
 - a) O cumprimento da finalidade da subvención.
 - b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
- Certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida
- Facturas expedidas polas empresas adjudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Declaración que conteña unha relación detallada doutras subvenciones, axudas, ingresos o recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención.
- Certificación ou informe da entidade que, de acordo coa estrutura organizativa da comunidade, teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditativo de que o procedemento de contratación se tramitou nos termos previstos na normativa de contratación do sector público, e con indicación do procedemento seguido para a contratación das obras subvencionadas.
- Acta de recepción.
- Certificado relativo á situación do beneficiario respecto o IVE no marco das actuacións realizadas en relación ao custo real soportado.
- Certificado bancario ou declaración asinada polo representante legal da entidade indicando o número de conta bancaria (IBAN) para os efectos de efectuar o ingreso da subvención que corresponda.
- Acreditación da colaboración da Axencia e da Xunta de Galicia (na publicidade das actuacións subvencionadas).
- Imaxes fotográficas das actuacións realizadas.
- Outros permisos, licenzas e autorizacións que resulten preceptivos segundo a lexislación vixente.





- Aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que o órgano xestor considere convenientes.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que a Asociación OlivArnoia non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SEXTA.- Compromiso de participación das mulleres.

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de fomento da participación das mulleres tanto no seu ámbito de actuación como nos seus órganos de decisión.

SÉTIMA.- Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

OITAVA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do





convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación OlivArnoia acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público, e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 15 de novembro de 2025, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partir do 1 de xaneiro de 2025.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por unha persoa representante designada pola Asociación OlivArnoia e a persoa titular da secretaría xeral da Axencia como representante designado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.





DÉCIMO SEGUNDA.- Modificación do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes e realizarase mediante unha addenda coa normativa aplicable.

DÉCIMO TERCEIRA.- Extinción do convenio

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte que incumpra un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO CUARTA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio no lugar e data que figura no mesmo.

María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

José Antonio Torres Martínez
Presidente da Asociación OlivArnoia





ANEXO I

Orzamento total

Capítulo	Resumen	Importe
1	Adquisición de maquinaria: batidora e maquinaria de extracción	42.868,79 €
2	Humanización e adaptación de espazo para zona de divulgación	
2.1	Fachadas	1.350,00 €
2.2	Cubertas	3.725,00 €
2.3	Carpintería	9.915,00 €
2.4	Instalacións	8.256,00 €
Total execución material		66.114,79 €
21% I.V.E.		13.884,11 €
Total orzamento con I.V.E.		79.998,90 €

